



ENTREVISTA A XAQUÍN LORENZO 6.

Biografía de Vicente Risco e relacións co Grupo Nós.

NOME DO DOCUMENTO:	MPG_MPGF_0001_009_en_1_13_04_D
AUDIO DE REFERENCIA:	MPG_MPGF_0001_009_en_1_13_04.mp3
TIPO DE DOCUMENTO:	Rexistro etnográfico
FEITO REXISTRADO:	Entrevista

RESUMO / DESCRICIÓN:

Esta ficha recolle parte (6/6) dunha entrevista a Xaquín Lorenzo Fernández “Xocas” realizada no seu domicilio de Ourense no ano 1980 por Justo Beramendi. A gravación, no marco da súa investigación sobre o nacionalismo galego de anteguerra, abrangue temas relativos á Guerra Civil, ao grupo Nós, á relación persoal de Xocas con Vicente Risco, ao Partido Galeguista, entre outros.

Publicamos esta gravación orixinal co gallo do centenario do Seminario de Estudos Galegos (1923-2023) no que Xaquín Lorenzo ingresou o 1 de maio de 1926 e no que exerceu diversos cargos.

DATOS DA ENTREVISTA:

ENTREVISTADOR:	Justo Beramendi González
INFORMANTE:	
Nome:	Xaquín Lorenzo Fernández
Idade no momento da recolla:	73 anos
Lugar e data de nacemento:	Ourense, 23 de xuño de 1907
Ocupación:	Etnógrafo membro do Seminario de Estudos Galegos. Cofundador do Museo do Pobo Galego, foi o primeiro Presidente do seu Padroado.
DATA DA RECOLLA:	1 de xullo de 1980
LOCALIZACIÓN:	
Lugar:	Ourense
Parroquia:	-
Concello:	Ourense
Provincia:	Ourense
COLECCIÓN:	Fondos Propios do Museo do Pobo Galego. Varios.



DATOS DA TRANSCRICIÓN:

A transcripción da presente entrevista realizada por Justo Beramendi e María Xosé Fernández Cerviño, preparada para a edición do libro *Xocas revisitado : lembranza de Xaquín Lorenzo Fernández*, foi base para este documento. Dende o APOI readaptouse seguindo o audio orixinal.

BIBLIOGRAFÍA:

Xocas revisitado : lembranza de Xaquín Lorenzo Fernández / textos de Miguel Ángel Santalices Vieira, Román Rodríguez González, Justo Beramendi González, et al. — Santiago de Compostela : Museo do Pobo Galego, 2021.

PALABRAS CHAVE:

Filosofía , India , relixiosidade , política , nacionalismo , Vicente Risco , biografía , Normal de Ourense , Florentino Cuevillas , Grupo Nós , Seminario de Estudos Galegos .

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Isabel Vigo Rodríguez



TRANSCRIPCIÓN DA ENTREVISTA

Justo Beramendi: E cando [Risco] falaba con vostede de filosofía ou de etnografía, de que autores, a que xente facía máis referencia.

Xaquín Lorenzo: Pouca, el facía poucas referencias porque nesas conversas collía ao mellor o pensamento dun individuo calquera, pero logo lanzábase el pola súa conta, aquilo servíalle de base para falar el, non o que decía Fulano ou Citrano, senón para falar el. E claro, deso había unha serie de cousas que a el o habían impresionado e que coñecía moi ben, por exemplo as relixións orientais, sobre todo da India.

J.B.: Dende moi novo era unha preocupación súa, si.

X. L.: E claro, coñecía moi ben os libros sagrados indios, e coñecía claro da zona de aquí os evanxeos apócrifos, pouco coñecidos pero que teñen un valor enorme, sobre todo na cultura popular, porque a relixiosidade do pobo, en gran parte, está baseada non nos Evanxelos canónicos, senón precisamente nos apócrifos. E era sobre todo Risco niso un espírito moi aberto, quizais demasiado aberto, e digo demasiado aberto porque niso abusaron moito del, da cousa nova. Risco non era home aferrado ao de antes, senón que era un espírito aberto, e moitos aproveitando esa timidez do Risco querían levar por ese camiño das novidades, e o Risco, por non desilusionalos, en fin, deixábase ir.

J. B.: E el de filosofía falaba? Porque a el, polo que me ten contado Casares, despois da guerra, cousa lóxica, ademais, nas súas circunstancias, non lle gustaba falar de política, sobre todo da política do nacionalismo. Casares contoume unha anécdota moi significativa: preguntáralle:

“-Don Vicente, non atopo a *Teoría do nacionalismo galego*. Podería vostede indicarme, ou deixarma?”

E dixo:

“-Bah, iso son caralladas da xuventude.”

X. L.: Non, nin moito menos, o que ocorre é que non se atrevía.

J. B.: Xa, por suposto, foi un xeito de saír do paso, xa o sei, pero indica unha actitude de que non quería...

X. L.: Non, non quería falar desas cousas por medo e, ademais, por que non decilo, porque estaba un pouco avergonzado desa postura súa.

J. B.: É lóxico. Pero, en cambio, supoño que de materias máis abstractas, como é a filosofía pois si falaría algo, non?

X. L.: Comigo non, porque non me levaba tampouco a min por aí a afición, de maneira que eu con el, máis que nada, do que falaba era da interpretación do popular. Agora, el, claro, coñecía perfectamente todas estas correntes, novas e velas, conoíaas perfectamente e discurría con moita claridade acerca delas.

J.B.: Esto, hai outra... Estou dándolle a lata pero bueno...

X.L.: Non home, por Dios, encantado. E eu ademais, mire ademais cando falo destes homes... voulle ensinar unha cousa (vai buscar unha foto). Da homenaxe que lle fixemos a don Xesús Carro cando cumpliu os 70 anos que quixo retratarse cos que fomos de Ourense. Ferro, Alfonso Vázquez, Florentino Cuevillas, don Xesús Carro, Otero e eu. E o que queda! Estou na cola, todos morreron.



J.B.: Tamén eran moito máis vellos que usted.

X.L.: Quen?

J.B.: Pois os que están aquí.

X.L.: Ferro levábame un ano, Vázquez por aí era da miña edad.

J.B.: Don Xesús Carro, pois...

X.L.: Bueno, don Xesús Carro si.

J.B.: E Florentino López Cuevillas e Ramón.

X.L.: Si, esos si.

J. B.: Pois, hai un aspecto de Risco que está sempre como agochado, cecais porque non tivo tampouco moita relevancia pero que ten a súa importancia á hora de facer un estudo del. Que é o aspecto puramente biográfico, é dicir, a familia, a súa vida cotiá. Neste senso, hai pouca información desto.

X.L.: Onde hai...? No, pero hai unha pequena biografía do Risco...

J. B.: Casares dixérame que fixera unha cousa cando morreu, unha necrolóxica ou algo así.

X.L.: Si, no, no, no. Pero paréceme que había algo máis.

J. B.: Si? Eu de Risco, sobre o de Risco o único que coñezo é a... bueno tres, dúas cousas. O de Lugo, que non ten nada de biográfico, por suposto, *Vicente Risco na cultura galega*, e o do fillo que tamén é do pensamento.

X.L.: No, nada, eso non ten valor ningún. Pero ti mira o *Boletín da Comisión de Monumentos de Ourense*. Porque non me lembro se se lle dedicou...

J. B.: Por que cando morreu non se... fíxoselle unha homenaxe? Un tomo ou algo así?

X.L.: Eu coido que algo se fixera. Pero non, no *Boletín da Comisión de Monumentos de Ourense* non porque o derradeiro tomo foi o dedicado a Cuevillas, cando morreu Cuevillas, e Risco morreu máis tarde de maneira que non é, non. Non é aí, non sei se no do museo.

J. B.: De Pontevedra?

X.L.: No, no, de aquí de Ourense. No boletín do museo ou algo deso.

J. B.: Entón preguntareille a Paco Fariña.

X.L.: Si, el debe de ter...

J. B.: Por que cuadernos tampouco?

X.L.: No.

J. B.: No *Caderno de Estudos Galegos*?



X. L.: Eu tamén publiquei entón unha cousa que me pediran, non recordo de onde, non sei se de *Zephyrus*, pero, vamos, unha nota necrolóxica que non ten valor ningún máis que de lembranza, pero sen datos. Pero teño idea de que algo hai publicado sobre a vida de Risco. Non me lembro agora...

É que foron uns momentos ruís pra min tamén, porque miña nai morreu dez días despois de morrer o Risco, e estaba moi grave miña nai e moi grave Risco e eu pasábame a vida entre un e outro e, claro, non estaba eu tampouco en condicións.

Por certo que, precisamente nun día deses, cheguei a casa do Risco a velo. Iba todos os días sobre as sete e media a velo, o resto do tempo estaba aquí, e cando cheguei díxome María do Carmen, a muller del:

“- Home, Xocas, bendita sea a hora en que veu, veña calmarnos a este home, que non hai maneira. Desde mediodía telefoneando a todo Ourense para situalo a usted, buscándoo: “Que veña o Xocas. Traerme ao Xocas. Quero ver ao Xocas”. Claro, inmediatamente fun a onda el:

“- Don Vicente, que pasa?”

“- Home, por fin veu usted.”

Acababa de recibir as probas dunha das últimas cousas que publicou, *Orden e caos*.

“- Mire, acábanme de mandar esas probas e eu non estou en condicións de correxilas, quería que mas correxise usted. É que é unha cousa moi urxente.”

“- Don Vicente, mañá pola mañá estas probas salen pra Madrid.”

“- Bueno, home, Dios llo pague, xa sei que é usted un home eficiente. Así estou tranquilo.”

Porque se pasou o día enteiro, tiñano que erguer, e levalo sentado nunha silla ao teléfono para telefonar, a ver se está aquí, a ver se está alá, preguntando por min para que lle resolverse. Efectivamente, esa noite cheguei a casa e non me deitei, pasei toda a noite en vela correxindo e o día seguinte ás 8 da mañá funllas levar:

“- Don Vicente, aquí ten as probas xa correxidas, preparadas e coa dirección posta, non hai máis que mandalas.”

Deille a gran alegría, desde logo. Tamén por aqueles días recibiu unha carta de, como se chamaba, que era ministro sin carteira, Gual Villalbí: “- Dícenme que está vostede enfermo.” Unha carta moi cariñosa interesándose por el. E tamén o Risco chamoume:

“- Mire, Xocas, esta carta que eu non podo contestar, xa non podo escribir. Se a contestase usted...”

E efectivamente, escribinlle a Gual Villalbí dicindo que lle escribía por orde, en nome de don Vicente dándolle as grazas. E inmediatamente contestoume xa directamente a min e despois estiveron escribindome con el dándolle novas da marcha da enfermidade do Risco ata que morreu. Cando morreu púxenlle un telegrama. Quero dicirle con isto que eu estaba moi en contacto co Risco, pero ao mesmo tempo, claro, estaba nunhas condicións de ánimo tamén tremendas.

J. B.: El fixo os estudos alí en Santiago, logo en Madrid e despois quitou a cátedra da normal de Ourense, e practicamente xa non se moveu.



X. L.: Si, foi director da Normal de Ourense, e sendo director da Normal de Ourense, non recordo en que ano, desde logo despois da guerra, pediu o traslado a Madrid, e déronllo, pero claro, con ese motivo perdeu a dirección da Escola. Marchou a Madrid e pasou alí unha tempada, e despois volveu. Xubilouse aquí e quedou aquí.

J. B.: A familia súa era tamén fidalga, como a de Otero ou...?

X. L.: Si, eran, digamos, fidalguiños. Tiñan un certo parentesco. Vicente Risco naceu aí, nese primeiro piso, na casa onde morreu Otero e onde vivía Otero.

J. B.: E o pai que era?

X. L.: O pai de Risco era avogado. E ó Risco, anque era director da Normal, non lle gustaba a ensinanza, non, nin moito menos.

J. B.: Pois el escribira unha metodoloxía nos anos vinte, programas...

X. L.: Escribiu, si. Como profesor pois tiña o home que facer esas cousas, pero sin interés ningún, non lle interesaba. O que si lle interesaba, aproveitaba os alumnos para a recollida de datos, de contos e cousas desas, decíalles que llas recollesen. Os estudantes traíanlle cousas desas, o que eles recollían nas aldeas, material que logo Risco iba utilizando.

J. B.: El era profesor de Xeografía e Historia.

X. L.: Si, pero non tiña interés pola ensinanza nin moito menos. Por eso a nós, verdade, resultounos un pouco cómico que cando o Ayuntamiento de Ourense acordou dedicarlle un monumento, máis valía que non o fixeran, porque unha cousiña pequeniña, un busto, fóronllo poñer alá en fronte da Normal. Parece que é un castigo que lle dan ao pobre do Risco o metelo aquí: o que non quere caldo, sete tazas. Pero en fin.

J. B.: Entón a biografía realmente é unha cousa sin maiores...

X. L.: Si, no. Non ten...

J. B.: El cando casou? Moi novo?

X. L.: Eso xa non podó eu...

J. B.: El estaba xa casado cando o coñeceu vostede?

X. L.: Si, si.

J. B.: E xa tiña os fillos?

X. L.: Tiña dous, a filla e o fillo. A máis nova non, a máis nova naceu despois de coñecelo eu. Por certo... coño, que xente esta extraordinaria.

Un día, estaba a muller para dar a luz unhos días despois. Florentino Cuevillas vivía aí na praza do Ferro, e un día estaba Cuevillas no balcón e pasaba a muller de Risco, María do Carmen, pola acera de enfrente, e a Cuevillas non se lle ocorre máis que chamala:

“- María do Carmen!”



“– Hola, Florentino.”

“– Enhorabuena, muller -esto todo a gritos desde o segundo piso, porque vivía no segundo piso-, xa me dixo o Vicente que andas choca.”

(Risas) A muller de Risco volada, porque era moi tímida, e é.

J. B.: Debe ser moi maior non?

X. L.: Si, ten 80 e tantos.

J. B.: E que era de aquí de Ourense tamén non?

X. L.: De Allariz.

J. B.: Tamén de familia así do mesmo rango máis ou menos, non?

X. L.: Si. Quen ten moitos datos deso porque... é esta María Teresa Cotón. Ten moitos datos deles porque desde nena pois foi contertulia, e incluso me parece que hasta é un pouco parente, dos dous, de Risco e de María do Carmen. Deses datos pode ela dar tódolos que sean.

J. B.: Non é que o biografía sexa un tema central do traballo pero vamos, sempre...

X. L.: No xa claro, como complemento.

J. B.: Sempre hai que decir algo da persona.

X. L.: No e moitas veces si, hai feitos que, ou ben son reveladores ou abren camiño para explicar outras cousas.

J. B.: Moi ben.

X. L.: Chegar, por exemplo, á casa de Cuevillas e o recibimento era:

“– Home, Xocas, veña acá. Alégrome de que chegue agora porque, mire, acabo de facer un artigo que teño que mandar a tal revista e quero que vostede o lea, a ver que lle parece.”

Esto pasoume varias veces con Cuevillas e con Risco. Que me podía parecer a min, que non sabía nada daquelo, como iba eu a xulgar o traballo destes homes. Agora, esto obrigábame a unha cousa. Por un lado, eu crecíame: Home, consúltanme, entóns é que a miña opinión ten un valor. Pero ao mesmo tempo eu tiña que pensar: “-Carai, estes homes consúltanme, hai que prepararse para contestar cando chegue o momento”. E aquilo, claro, forzábao a un a traballar. Esta era a maneira de traballar deles, este era o maxisterio extraordinario deles. Co Risco, ás veces, discutíamos e despois, ao final, eu dábame conta de por que discutíamos. Era o Risco que me iba levando polo camiño que el quería pra facerme ir avanzando, para que me fixase neste... Era extraordinario. Por iso digo, pra min foi un verdadeiro regalo do Creador a amizade destes homes. Ademais atopalos a todos xuntos, non solo aquí senón no Seminario de Estudos Galegos. Tamén aquela xente extraordinaria.